

A introdución de **especies exóticas invasoras** é, despois da destrución de hábitats, a ameaza máis importante na perda de biodiversidade e unha das principais causas de extinción de especies autóctonas. ADEGA organizou unha **actividade de voluntariado ambiental** en colaboración coa Asociación para a Defensa do Val do Liñares o pasado sábado 16 de febreiro de 2013, contando coa colaboración do concello de A Estrada.

FOTOS DA XORNADA

As dúas asociacións contan cunha traxectoria notable na loita e defensa do patrimonio fluvial, é por iso que organizaron esta iniciativa dando á cidadanía a oportunidade de actuar fronte unha ameaza ambiental mediante iniciativas coma esta de custodia fluvial. A iniciativa enmárcase dentro do proxecto de creación dunha rede de Custodia Fluvial nas Bacías do Ulla Umia e Lérez.

A actuación do sábado centrouse na eliminación da especie invasora *Acacia dealbata* (mimosa) nas marxes do río Liñares, un espazo de importante valor ecolóxico, en fincas privadas baixo o acordo dos propietarios e propietarias do lugar.


Estamos eliminando
flora exótica invasora

